



CIG

Boletín
Sindical

Nº 17 - 2017

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Mobilización para recuperar dereitos

As reformas impostas nos últimos oito anos, so pretexto da crise, provocaron o medre da desigualdade, da precariedade e da pobreza na clase traballadora galega: o 13,6% da poboación ocupada está baixo algunha modalidade de contratación a tempo parcial; o 35% dos contratos no último ano foron dunha semana de duración; 185.000 persoas teñen ingresos brutos inferiores á metade do SMI, cuns ingresos medios de 1862 euros ao ano, e case un 31% do total de traballadores/as non alcanza ingresos anuais iguais ao SMI.

Así, o peso das rendas do traballo no PIB galego descendeu un 3,4% mentres as rendas do capital o incrementaron nun 1,5%.

Por iso o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, cualifica de “vergoñento” o acordo de incremento do SMI asinado por UGT, CCOO e a patronal co PP, que só contempla elevalo aos 736€ en 2018 e que chegue aos 850€ en 2020, incumprindo así o acordado no Congreso, que prevía incrementalo até os 950€ en 2020.

Carril critica ademais que se condicione calquera incremento a que o PIB do Estado español sexa superior ao 2,5 e que haxa unha media de 459.000 novos/as cotizantes á Seguridade Social “Pactar un SMI nestas condicións fai que a pobreza vaia en aumento e se cronifique”, denuncia.

Incrementar o SMI

Fronte a isto, a CIG defende elevar xa o SMI a 857€ para chegar ao 60% do salario medio que indica a Carta Social Europea. Ademais, exige a inmediata desaparición do IPREM, que está nos 537€, como indicador de referencia absoluta para calquera tipo de prestación ou axu-



da pública, porque “deteriora aínda máis as condicións de vida e dificulta o acceso a unhas rendas públicas mínimas”.

A CIG defende a negociación colectiva como principal instrumento para recuperarmos os dereitos roubados e aposta pola mobilización para defender un Marco Galego de Relacións Laborais, pór en valor os convenios sectoriais e provinciais galegos e conseguir a inclusión de melloras nestes.

O secretario confederal de Negociación Colectiva, Francisco González Sío, sinala que a CIG defenderá para 2018 incrementos salariais de arredor do 3%, como norma xeral, nunha contía duns 600€ brutos anuais.

Defenderá ademais a inclusión da cláusula de garantía salarial en todos os convenios; o control efectivo da xornada laboral para evitar as fraudes na contratación; a prohibición das duplas escalas salariais; o control das ETTs e da subcontratación; a obriga de subrogación; a supresión das horas ex-

tra incluíndo nos convenios as quendas de fin de semana, festivos e pontes e a restrición de contratos a tempo parcial, co aumento de fixos nos cadros de persoal e o control dos eventuais.

Novas formas de explotación

A CIG combaterá as novas formas de explotación, como os falsos autónomos, que se incrementaron nun 8,2%; as empresas multiservizos, onde as condicións laborais son moi precarias, con traballadores/as contratados por dúas, tres ou catro horas, sen ningún tipo de control e os centros especiais de emprego, que teñen convenios de mínimos rexidos polo Estatuto de Traballadores/as e polo SMI.

Ademais daralle pulo aos convenios con patronais disoltas “porque lles favorecía fuxir do marco galego e provincial e pasarse ao estatal para que as/os traballadoras/es quedasen sen convenio e pasasen a rexerse polo SMI, sen incrementos”.

Iniciativa legislativa popular contra a eucaliptización de Galiza

“Cousa de Raíces”, conformada por máis de 60 organizacións sociais, veciñais, culturais, de montes ou de produtores/as –entre elas a CIG–, vén de pór en marcha a campaña de recollida de sinaturas –que se prorrogará até o vindeiro mes de marzo– para levar ao Parlamento galego a Iniciativa Legislativa Popular “para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais”. Unha ILP para a que se quere conseguir o maior apoio social acadado nunca en Galiza.



Máis de medio millón de hectáreas, o 17% do territorio do país, está ocupado por eucaliptos: hai un cada cinco metros cadrados. Entre os anos 2013 e 2016 desapareceron arredor de 3400 explotacións –unhas 34.000 hectáreas de superficie agraria útil– ao abeiro dunhas políticas “planificadas e perversas” de abandono de terras, para a súa posterior eucaliptización, atendendo así os intereses da pasteira Ence.

Eucalipto = lumes forestais

Esa eucaliptización podería ir agora a máis. Vén de liberarse a potencia das plantas de biomasa de xeito que calquera empresa que queira queimar madeira en ciclos curtos, de catro ou cinco anos, pode facelo sen límite e xa hai plantas en tramitación, de 50 megawatios, que terán un efecto sobre a demanda, exercendo aínda máis presión sobre as terras para seren eucaliptizadas.

Nun eucaliptal a frecuencia de lumes é 3,55 veces superior á do bosque autóctono e mesmo supera

a frecuencia de lumes en piñeirais nun 1,14. Por iso, con esta ILP preténdese que, como en Portugal, se decrete unha moratoria para as novas plantacións de eucalipto e que se elimine xa esta especie pirófito dos espazos protexidos, da rede natural e das terras de alto valor ecolóxico.

Propónse ademais un novo modelo de xestión do medio rural; a protección da biodiversidade de hábitats e especies; que se garanta a multifuncionalidade de usos; o fomento do arborado autóctono; ou a elaboración dun catálogo de frondosas, pendente desde 1992, entre outras cuestións.

Rural vivo e dinámico

Toda unha serie de medidas que permitan virar 180° as nefastas políticas de xestión dos nosos montes e

do noso medio rural, levadas a cabo polos Gobernos do PP, para conseguir un monte vivo e con dinamismo, que volva ser o eixo vertebrador dun rural

que esmorece porque até o de agora, lonxe de facilitar que a xente puidera vivir das actividades agrarias favoreceron o abandono da terra.

Medidas que permitan, en síntese, restablecer a relación de simbiose que sempre houbo entre o monte e a poboación galega para que o noso rural volva producir calidade, con postos de traballo

estábeis e que axuden a asentarmos a poboación.

A CIG, que forma parte das organizacións promotoras desta ILP, xa trasladou o seu compromiso de traballar para facer visíbel e para levar adiante esta Iniciativa co obxectivo de frear ese deterioro do monte e do rural galegos.

Nun eucaliptal a frecuencia de lumes é 3,55 veces superior á do bosque autóctono e mesmo supera a do piñeiral.



Contra o desmantelamento e a privatización da sanidade pública

SOS Sanidade Pública vén de lanzar a convocatoria de concentracións en cidades e vilas galegas para o vindeiro día 24 de xaneiro contra a modificación da Lei Galega de Saúde, coa que o PP aprofunda no desmantelamento e na privatización do sistema sanitario público galego.



A plataforma tamén desenvolverá unha intensa campaña informativa en todo o país para explicar as consecuencias que para as usuarias/os ten a reforma desta lei, facendo un chamamento á sociedade galega a participar masivamente na manifestación nacional que terá lugar en Compostela o domingo día 4 de febreiro.

A plataforma, da que fai parte a CIG, denuncia que coas modificacións introducidas na Lei Galega de Saúde se desmantelan os hospitais comarcais, dificultando o acceso á asistencia espe-

cializada da poboación rural e recentralizando o control da Consellaría de Sanidade sobre a atención da saúde.

Perpetúa ademais as Estructuras de Xestión Integrada, que someten a Atención Primaria ás Xerencias Hospitalarias, en detrimento da promoción, prevención e atención máis próxima ás e aos doentes.

Privatización da investigación

Privatiza a formación, a investigación e a innovación sanitaria, consolidando a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, penetrada por empresas multinacionais.

A reforma non só reduce e limita a participación social no control da Sanidade Pública Galega, senón que mesmo favorece a creación de chiringuitos, para laboralizar o persoal, potenciando o favoritismo e a arbitrariedade na contratación do persoal sanitario.

Ferroatlántica quiere liquidar os convenios de empresa cun acordo marco estatal

Ferroatlántica, coa complicidade das organizacións sindicais españolas, pretende sacar adiante un "acordo marco" (de ámbito estatal), a través do que vincular os actuais convenios de empresa en vigor dentro do grupo. A CIG rexeita este intento de usurpar a lexitimidade de negociación dos comités, xa que a dirección reconece como interlocutores os/as representantes das centrais sindicais e non a representación legal elixida por centro de traballo.

A CIG xa manifestou por escrito que non vai participar deste atraco e –ao igual que o comité de Cee-Dumbría-



CCHH e os delegados de RAMSA en Serrabal– solicitou da empresa e das centrais españolas que desistan da negociación deste acordo, por can-

to no ámbito galego xa existen tres convenios colectivos en vigor (Cee, Sabón e Serrabal), coas súas comisións negociadoras constituídas e plataformas presentadas. É dicir, convenios en fase de renovación e que este "acordo marco" pretende liquidar.

Con esta manobra, Ferroatlántica busca un retroceso dos dereitos conquistados durante anos na negociación colectiva nos

distintos centros de traballo. Por iso, a CIG promove, convoca e apoia os calendarios de mobilizacións que se acordan nas factorías do grupo.

Denuncia penal contra o Estado e a Xunta polas mortes nas obras do AVE en Ourense

A CIG vén de presentar unha denuncia penal no Xulgado de Instrución de Verín contra o Ministerio de Emprego e a Consellaría de Economía, Emprego e Industria por prevaricación e delitos contra os dereitos dos traballadores/ as polo "desleixo absoluto" á hora de evitar os graves accidentes, varios deles mortais, ocorridos nas obras do AVE na provincia dende o ano 2013.



Na central están "fartos/as de acudir a organismos que se pasan a pelota duns a outros", polo que reclaman a apertura de dilixencias de investigación contra os responsábeis do que poderían constituír varios delitos contra a seguridade dos traballadores/ as e de prevaricación administrativa.

Dende a Unión Local de Verín e A Limia da CIG lembran que formularon múltiples denuncias administrativas diante da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) e da Subdelegación do Goberno en Ourense "sen obter máis resultados que promesas de analizar a sinistralidade na zona e mesmo declaracións de incompetencia, por parte da ITSS, para poder acceder aos túneles do AVE".

Segundo explican, nas obras da alta velocidade que se executan nos treitos entre os concellos da Gudiña e Vilar de Barrio a concentración de accidentes de traballo, mesmo mortais, é de tal magnitude que revela "no só un deficiente funcionamento dos servizos públicos, senón un desleixo absoluto no cumprimento das normas de seguridade laboral e dereitos dos traballadores/as por parte das empresas adjudicatarias das obras e das

Administracións públicas concedentes e na responsabilidade in vigilando da esixencia dese cumprimento por parte dos órganos gobernamentais de

inspección e seguridade no traballo da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta e do Ministerio de Emprego".

Catro operarios mortos nos últimos catro anos

Nas obras de construción do AVE na provincia de Ourense producíronse nos últimos anos, como mínimo, os seguintes accidentes de traballo graves:

- O 2 de abril do 2013 morre un enxeñeiro de 37 anos atropelado nun dos túneles do Concello de Vilar de Barrio.
- O 17 de xuño do 2014 morre un traballador de 42 anos ao caer dunha pa escavadora no treito da Gudiña a Vilariño de Conso.
- O 5 de agosto do 2014 un incendio no túnel do Corno (no Concello de Vilar de Barrio), producido ao pé dun depósito de detonadores de explosivos, provoca a intoxicación e evacuación de 13 traballadores/as.
- O 7 de xullo do 2015 a CIG denuncia na ITSS e na Subdelegación do Goberno en Ourense a realización de xornadas maratonianas, o que explicaría a sucesión de accidentes de traballo.
- O 15 de setembro do 2015 un traballador de 31 anos morre e outro fica ferido grave ao caer dende un canastro de traballo no treito Prado-Cerdedelo.
- O 23 de marzo do 2016 un operario sofre a amputación dunha man nas obras do túnel no treito de Cerdedelo, séndolle reimplantada no hospital Povisa de Vigo.
- O 6 de novembro do 2017 un operario de 35 anos morre no interior do túnel do Corno en Laza.
- O 30 de novembro do 2017 un condutor de tractor é ferido grave en Laza.
- O 19 de decembro do 2017 seis obreiros son evacuados dun incendio no interior do túnel de Laza.